



## **CONVENIO DE COLABORACIÓN CULTURAL ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE E A ASOCIACIÓN AMIGOS DA ÓPERA DE VIGO PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES CULTURAIAS**

### **MEMORIA XUSTIFICATIVA**

O secretario xeral de Cultura da Consellería de Cultura, Educación e Universidade

#### **DECLARA:**

Que esta secretaría xeral de Cultura está tramitando coa Asociación Amigos da Ópera de Vigo o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o 1 de xaneiro ata o 31 de decembro de 2021.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

Establecer as condicións básicas para a colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Universidade e a Asociación Amigos da Ópera de Vigo para a realización de actividades culturais.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamentan no seguinte:

De acordo co artigo 26 da Lei de Subvencións non é posible promover a concorrência pública para a realización destas actividades polo limitado do xénero operístico na Comunidade Autónoma. Son poucos os festivais de ópera que se celebran no seo da Comunidade Autónoma e a Consellería de Cultura, Educación e Universidade colaborará no financiamento de todos os que se celebren. É a Asociación Amigos da Ópera de Vigo, a encargada de levar a cabo unha oferta variada e de calidade que permita o achegamento de tódolos públicos ao xénero lírico.

Por todo o anterior é a Asociación Amigos da Ópera de Vigo, a que posúe a especificidade como beneficiaria así como a da actuación subvencionada e o interese social da axuda concedida.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asíñase esta memoria.

